

## TRÍATLON DE MENORES 2026

### 1. PARTICIPANTES

Poderán participar deportistas con licenza federativa galega en vigor en 2026, nados e nadas entre os anos 2013 a 2018 (ambos incluídos).

### 2. INSCRICIÓNS

A inscrición para as probas de Tríatlon de Menores, formalizarase a través da páxina Web: [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), dentro do apartado <https://fegatri.org/calendario/> accedendo á proba de referencia.

Cada club deberá designar un Técnico/Delegado, responsable do Club fronte calquera incidencia da competición. Os seus datos, cun número de teléfono de contacto, serán comunicados ao email [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com). Para poder validar a inscrición na proba.

### PRAZO DE INSCRICIÓN EN CADA PROBA

As inscricións pecharanse o martes anterior á proba.

#### Comunicación de baixas

Estas deben ser comunicadas antes das 20:00 horas do mércores anterior á proba. As baixas non comunicadas en prazo terán a penalización vixente de 5 € por deportista, que serán facturados ao club, ao final de cada tempada.

### 3. CATEGORÍAS

**BENXAMÍN masculino e feminino:** nados nos anos 2017-2018

**ALEVÍN masculino e feminino:** nados nos anos 2015-2016.

**INFANTIL masculino e feminino:** nados nos anos 2013-2014.

#### **PROBAS DE PROMOCIÓN COMPLEMENTARIAS**

*PREBENXAMÍN masculino e feminino: nados nos anos 2019-2020 (a petición do organizador autorizado polo DT se as condicións da natación o permiten). 50m.-1.000m.-250m*

*CADETE masculino e feminino: nados nos anos 2011-2012 -( 250-500 m /5-10 Km/ 1,5 a 2,5 km) esta proba celebrarase a petición da organización para poder acceder á sinatura do convenio.*

**REMUDA MIXTA:** Obrigatoria no Cpto Galego de Tríatlon de Menores

1. Cada Club presentará un relevo de 4 participantes, 2 masculinos e 2 femininas
2. A orde de relevistas será a seguinte:
  - 1º Alevin Femenino
  - 2º Alevin Masculin
  - 3º Infantil Femenino
  - 4º Infantil Masculino

#### 4. DISTANCIAS A PERCORRER

O Tríatlon é un deporte combinado e de resistencia, no cal os deportistas realizan tres disciplinas en tres segmentos: natación, ciclismo e carreira a pé. A orde é a sinalada e o cronómetro non se para durante todo o tempo que dure a competición.

<b>CATEGORÍAS</b>	<b>Natación</b>	<b>Ciclismo</b>	<b>Carreira</b>
PRE BENXAMÍN	50 m	1 Km	250 m
BENXAMÍN	100 m	2 Km	500 m
ALEVÍN	200 m	4 Km	1.000 m
INFANTIL	250m-300m	5-8 Km	1.500 m-2.000 m
CADETE	250m-500m	5-10 Km	1.500 m-2.000 m
REMUDA MIXTA	100 m	2 km	500 m

#### 5.- SISTEMA DE COMPETICIÓN

- O circuito estará composto polas probas presentadas en calendario ao circuito.
- O Campionato Galego será aberto, non será preciso clasificación previa

#### CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL E POR EQUIPOS DE CADA PROBA E PREMIACIÓN

- Clasificación individual en cada proba.
- Clasificación por equipos en cada proba, de acordo ao regulamento oficial, sumando os tempos dos 3 mellores triatletas de cada categoría.
- Realizarase premiación tanto individual coma para equipos.

#### CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL DE CIRCUÍTO

- Para facer clasificación do circuito haberá como mínimo dúas probas.
- A clasificación final do circuito realizarase sumando os postos das probas que o compoñen. Se un deportista non participase nunha proba, ou non acadase posto na mesma recibirá 100 puntos.
- O que menos puntuación teña será o vencedor
  - En caso de empate, vencerá o que máis primeiros postos acadara.
  - De persistir o empate vencerá o que máis segundos postos acadara, máis terceiros,...
  - De persistir o empate será a mellor posición na última proba na que algún ou varios dos empatados participasen.

## CLASIFICACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO

\*A clasificación por clubs será global.

1.- Realizarase para cada categoría unha clasificación, de acordo ao regulamento xeral de competicións, coa suma de tempos dos tres mellores deportistas .

2.- Na seguinte táboa de categorías, outorgáranse a cada club tantos puntos coma a posición conseguida na categoría correspondente.

2.1- Se un club non ten clasificación nunha categoría outorgáranse 100 puntos.

3.- A clasificación global de clubs realizarase co sumatorio dos puntos e vencerá quen menos puntos sume

4.-En caso de empate, vencerá quen máis primeiros postos acade, e de seguir o empate, vencerá quen sume máis segundos, terceiros postos,... De seguir o empate vencerá quen teña participación no maior número de categorías como club. E por último quen conte con maior número total de participantes na proba.

### EXEMPLO

	BXM	BXF	ALM	ALF	INM	INF	TOTAL
<b>1º CLUB B</b>	100	4	1	100	2	4	<b>211</b>
<b>2º CLUB A</b>	100	3	4	100	1	3	<b>211</b>
<b>3º CLUB C</b>	100	2	6	100	100	1	<b>309</b>

#### CLUB A

Clasificación de club BXM- Non ten clasificación (100ptos)

Clasificación de club BXF -3º (3 puntos)

Clasificación de club ALM -4º (4 puntos)

Clasificación de club ALF- Non ten participante (100ptos)

Clasificación de club INM -1º (1 puntos)

Clasificación de club INF -3º (3 puntos)

#### CLUB B

Clasificación de club BXM- Non ten participante (100ptos)

Clasificación de club BXF -4º (4 puntos)

Clasificación de club ALM -1º (1 puntos)

Clasificación de club ALF- Non ten participante (100ptos)

Clasificación de club INM -2º (2 puntos)

Clasificación de club INF -4º (4 puntos)

## CLUB C

Clasificación de club BXM- Non ten participante (100ptos)

Clasificación de club BXF -2º (2 puntos)

Clasificación de club ALM -6º (6 puntos)

Clasificación de club ALF- Non ten participante (100ptos)

Clasificación de club INM -2º Non ten participante (100ptos)

Clasificación de club INF -1º (1 puntos)

Sumados os puntos quedan empatados coa mellor puntuación o club B e A. Ganaría o club B xa que ten 1 primeiro e 1 segundo posto, fronte ao A que ten 1 primeiro e ningún segundo

## 6.-NORMAS DE COMPETICIÓN

**A competición disputarase baixo a normativa vixente do Regulamento Oficial de Competición da Federación Española de Triatlón e Federación Galega de Triatlón.**

### Normas básicas

#### Os participantes deberán:

- Acudir con (DNI/Licenza ou documento oficial con foto) e presentalo en todos os controis dos oficiais.
- Levar o material necesario; bicicleta (de acordo ao regulamento de competición) , casco, zapatillas.
- Coñecer os percorridos.
- Obedecer as indicacións dos oficiais.
- Respectar as normas de circulación.
- Informar a un oficial cando se retiren da competición e entregarlle o seu número.

#### Os dorsais:

- O uso de dorsal será o establecido no regulamento oficial de competición.
- Obrigatorio o seu uso en ciclismo. Debe ser visible nas costas do atleta.
- Obrigatorio o seu uso en carreira a pé. Debe ser visible na parte dianteira do atleta.
- Deberán colocarse todos os dorsais (corpo, bici, casco,...) que provea a organización así coma o casco antes de entrar ao control de material

#### O casco

- O uso de casco, correctamente abrochado, é obrigatorio dende antes de coller a bicicleta ata despois de deixala na área de transición, no seu soporte. Isto inclúe, polo tanto, todo o segmento de ciclismo e os percorridos polas áreas de transición en posesión da bicicleta.
- Se o/a deportista se retira por razóns de seguridade non deberá desabrochase o casco ata que estea fóra do circuito ciclista.

#### SAÍDAS

- Benxamín e alevín- carreiras separadas ou saída conxunta, nunca saídas separadas por período de tempo.
- Infantil e cadete.- de ser necesario separalas posibilidade de tempo máximo a 1 minuto. A criterio regulamentario e valoración do DT co Comité de Oficiais

## NATACIÓN

- O/A deportista pode nadar no estilo que desexe. O/A deportista debe facer o percorrido marcado.
- O/a deportista non pode recibir axuda externa de ningún tipo salvo a establecida regulamentariamente para todos por o/a DT da proba.

- En caso de querer retirarse ou precisar axuda, o atleta debe alzar o brazo e solicitar asistencia. Unha vez é atendido, o atleta debe retirarse da competición.

## **CICLISMO**

- Haberá unha liña de montaxe marcada no chan ao saír da transición, tras a cal o atleta debe subirse á bicicleta. Ao finalizar o percorrido ciclista, atopará a liña de des-montaxe antes da cal deberá baixarse ao chan, para entrar na zona de transición á carreira a pé, levando a bicicleta coa man ata o seu lugar, que estará indicado co número do dorsal.
- O circuíto estará totalmente pechado ao tráfico de vehículos.
- Permítese o uso de bicicleta de montaña.
- Permítese o uso de minifreos engadidos ao manillar para categorías, prebenxamín, benxamín e alevín
- Nas categorías benxamín, alevín e infantil, ante unha avaría na bicicleta permítese axuda externa para a reparación, por parte da organización, xuíces, ou técnicos acreditados.
- Nas competicións de menores con saídas conxuntas, dentro da mesma carreira, permítese o drafting entre sexos

## **CARREIRA A PÉ**

- O/a deportista pode correr ou camiñar.
- Non pode correr co casco posto.
- Non pode ser acompañado por ninguén que non estea disputando a competición.

## **AREA DE TRANSICIÓN**

- Cada deportista poderá usar exclusivamente o espazo marcado co seu número.
- O espazo individual non poderá ser marcado con elementos que axuden á súa identificación.
- O material debe estar no seu lugar antes, durante e despois da competición, O maltrato de material, actitudes como tirar o casco en calquera sitio ou de falta de respecto, serán sancionadas.
- As bicicletas débense deixar na área de transición na situación asignada. Co guiador mirando cara o pasillo onde estea colocado o número do/a deportista.
- Só está permitido deixar no espazo asignado na área de transición, o material que vaia ser usado durante a competición.
- O casco, zapatillas de ciclismo, lentes e outro equipamento de ciclismo, pode estar colocado na bicicleta.
- Todos os atletas deberán circular polas áreas de transición conforme a sinalización marcada polos xuíces da competición, non estando permitido acurtar o percorrido pola transición, pasando por debaixo das barras ou cintas.
- Só se poderá retirar o material da zona de transición, unha vez acabada a proba, cando os xuíces/oficiais da competición así o indiquen. Os deportistas acudirán identificados para a súa retirada.

## **7. OUTRAS NORMAS**

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno, que se pode consultar na páxina web: [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org)

A FEGATRI disporá unha partida anual para o Tríatlon de Menores que repartirá entre os organizadores das probas do circuíto, establecendo anualmente este orzamento así coma os máximos por proba.

A aportación\* realizarase a través da sinatura dun convenio co club/organizador. Para recibir a contía o club deberá aportar a debida memoria xustificativa do gasto realizado coas

correspondentes facturas e xustificación do gasto realizado polo importe total a percibir de acordo á lei de subvencións de Galicia.

\*Para acceder á sinatura deste convenio a organización deberá celebrar o mesmo día unha proba de promoción para a categoría cadete